

Resolución do 21 de xullo de 2025, da Directora Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A., pola que se convoca un proceso de selección para varios postos de persoal directivo profesional da estrutura orgánica da entidade.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é unha sociedade mercantil pública autonómica do artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que ten encomendada a prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co disposto no artigo 45.2 e 3 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, convócanse varios postos de persoal directivo profesional definidos como tales na Resolución do 21 de xullo de 2025 da Directora Xeral da CSAG, que estableceu a estrutura orgánica da entidade, de acordo coas seguintes bases.

1.- Obxecto e publicidade da convocatoria.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) convoca o presente proceso co obxecto de proceder á selección de persoal directivo profesional ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

A presentación da solicitude supón a plena aceptación das presentes bases, polas que se rexerá o proceso, e a declaración responsable de que todos os datos consignados e documentación achegada son certos.

As presentes bases de convocatoria de selección serán publicadas na páxina web da Corporación (www.csag.gal).

2.- Requisitos das persoas aspirantes.

Para ser admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán posuér os seguintes requisitos xerais:

2.1.- Nacionalidade:

Poderán presentarse ao proceso as persoas que teñan a nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea, así como as persoas nacionais dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación



de persoas traballadoras. Tamén poderán participar os/as cónxuxes, calquera que sexa a súa nacionalidade, de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutro estado membro da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e, nas mesmas condicións, os/as seus descendentes, e os/as do cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, cando sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes. Nas mesmas condicións que os/as anteriores as persoas con nacionalidade estranxeira e residencial legal en España.

2.2.- Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

2.3.- Titulación: estar en posesión ou en condición de obter a titulación que figura no Anexo I.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

Consideraranse titulacións equivalentes exclusivamente aquelas que foron substituídas polas vixentes no momento da publicación do presente proceso ao abeiro das sucesivas modificacións dos planes e reformas educativas.

2.4.- Capacidade funcional: posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da categoría.

2.5.- Habilitación: non ter sido despedido/a nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, entidade do sector público ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional do cal a persoa foi separada ou inabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

2.6.- Coñecemento da lingua galega.

Segundo a regulación establecida no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para a acreditación do coñecemento da lingua galega deberá estar en posesión do título do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo do 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega e as súas modificacións.

2.7.- Requisitos específicos.

Os que, á marxe dos que figuran nesta base, se recollen no Anexo I para cada posto convocado.

3.- Solicitudes.

As persoas aspirantes que desexen participar no proceso de selección deberán enviar a seguinte documentación:

- a) Solicitud segundo o modelo recollido no Anexo II.
- b) Acreditación documental do cumprimento dos requisitos esixidos.
- c) Currículo vitae no que consten as titulacións académicas, os postos desenvoltos, as actividades formativas realizadas e calquera outra información que se presente como mérito avaliable. Deberá vir acompañado de toda a documentación que acredite os méritos alegados, no caso de que a dita documentación non se considere suficiente poderá requirirse outra complementaria para acreditar calquera estremo.
- d) Plan ou memoria de actuación en relación coas funcións do posto que deberá incluír unha análise do contexto actual, a visión estratéxica da persoa candidata respecto da xestión, os obxectivos e as propostas de mellora e innovación que estime procedentes.

O prazo para a presentación de solicitudes será de sete días naturais, contados desde o día da publicación desta convocatoria na páxina web da Corporación.

As solicitudes deberán ser remitidas á seguinte dirección de correo electrónico: seleccion@csag.gal, indicando no asunto: Proceso de Selección Persoal Directivo (Denominación do posto).

Non serán admitidas ao proceso as solicitudes que non se reciban no prazo e forma establecidos.

4.- Comisión de Selección.

Constitúese unha Comisión de Selección como órgano avaliador que velará polo correcto desenvolvemento do proceso e do estrito cumprimento do principio de igualdade entre sexos. Estará composta polas/os seguintes titulares:

- a) Presidencia: Rosa María Vilas Núñez (Directora do Departamento de Organización e Xestión do Cambio).
- b) Vogal: Alejandro López Carballeira (Director de Departamento de Información e Documentación).
- c) Secretaría: Isabel Vázquez Rodríguez (Xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social).

Os/as titulares da Comisión de Selección poderán ser substituídos/as en calquera momento do proceso, temporal ou definitivamente, por aquelas persoas que expresamente designe a entidade, e estarán sometidas ao réxime de abstención e recusación establecido na sección 4º do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A Comisión de Selección poderá dispoñer, en calquera momento do proceso, da incorporación aos seus traballos de persoas asesoras de recoñecida competencia no seu ámbito de asesoramento.

A Comisión de Selección tomará as decisións necesarias para o correcto cumprimento das previsións do proceso selectivo e resolverá cantas cuestións puidesen exporse que se reflectirán, de xeito motivado, nas actas das súas sesións. En especial, corresponderálle:

- a) Comprobar os requisitos e valorar os méritos achegados.
- b) Propor á persoa titular da Dirección Xeral da entidade a designación como persoal directivo da persoa seleccionada.

Os actos de carácter provisional que dite a Comisión poderán ser obxecto de alegacións ante esa Comisión, os actos de carácter definitivo poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Dirección Xeral da CSAG.

5.- Proceso de selección

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección avaliará o cumprimento dos requisitos e publicará unha listaxe provisional de persoas admitidas, concedendo un prazo non superior a tres días hábiles para a subsanación das causas de exclusión, tras o que publicará a listaxe definitiva de persoas admitidas.

Publicada a listaxe definitiva procederá á avaliación dos méritos achegados polas distintas candidaturas para o que poderá solicitar o envío da documentación acreditativa necesaria e/ou realizar entrevistas persoais.

A proposta de designación do/a candidato/a, que será pública, deberá basearse en criterios de cualificación persoal, experiencia, mérito e competencia profesional. Xustificarase a elección coa información detallada sobre a idoneidade e adecuación do seu perfil para o desempeño do posto, incluíndo motivación da valoración do resto das candidaturas concorrentes ao proceso.

A Comisión de Selección poderá propoñer que a convocatoria quede deserta no caso de que ningunha persoa aspirante se adecúe ao perfil requerido.

En atención á proposta realizada, a persoa titular da Dirección Xeral designará como persoal directivo da persoa seleccionada, de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 1/2025, de 14 de marzo de 2025, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, para o seu nomeamento polo Consello de Administración. Para o caso de que a persoa titular da Dirección Xeral determine non designar á persoa seleccionada deberá ditar resolución motivada.

6.- Réxime de contratación

A persoa designada queda sometida ao réxime laboral especial de alta dirección, nos termos previstos no artigo 45 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, no artigo 2.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

As retribucións e como o resto de condicións laborais quedarán reflectidas no contrato, no marco da normativa reguladora da relación laboral especial de alta dirección e do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

A persoa designada estará suxeita ao réxime de incompatibilidades recollido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

7.-Protección de datos

A CSAG, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante "RGPD"), así como ás estipulacións contidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais ("LOPDGDD"), informa que os datos persoais que sexan facilitados polos participantes, por medio do envío do seu currículo vitae, así como os que no seu caso se poidan xerar como consecuencia da súa participación no proceso selectivo serán tratados e conservados por CSAG, en calidade de Responsable do Tratamento, coa exclusiva finalidade de xestionar as solicitudes ao posto aquí referido. O devandito tratamiento é necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a pedimento desta de medidas precontractuales (en virtude do estipulado no artigo 6.1.b) RGPD) así como necesario para o cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamiento (en virtude do estipulado no artigo 6.1.c) RGPD).

San Marcos, 21 de xullo do 2025



Maria Concepción Pombo Romero

Directora Xeral da CSAG

Anexo I

POSTOS OFERTADOS

Posto convocado: **Subdirección de Departamento de Formatos e Contratación de Contidos (Área contidos CSAG).**

A Área de Contidos ten como función xenérica secundar e dar soporte á Dirección Xeral no ámbito específico da captación, adquisición, producción, xestión e difusión, mediante o conxunto de medios, canles e plataformas de titularidade da Corporación, de contidos distintos dos informativos.

Funcións principais do posto convocado:

Con dependencia directa da Dirección da Área de Contidos, a Subdirección de Departamento de Formatos e Contratación de Contidos ten como responsabilidade principal secundar e dar soporte executivo no ámbito da adquisición e xestión de contidos e dereitos audiovisuais non informativos para os medios, canles e plataformas da Corporación.

O posto comporta a responsabilidade directa sobre a xestión orzamentaria e administrativa dos créditos asignados, a supervisión dos Servizos dependentes e a coordinación operativa con outras unidades da Área e da Corporación.

As funcións propias do posto son as establecidas na Resolución da Dirección Xeral da CSAG, de data 21 de xullo do 2025, pola que se establece a súa estrutura directiva publicada na web corporativa.

Requisitos:

Titulación académica: Grao en Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou equivalentes.

Experiencia profesional acreditada: na xestión de adquisición e producción de contidos audiovisuais e na coordinación de procesos vinculados á industria audiovisual.

Méritos a valorar:

1. Experiencia na producción e creación de contidos audiovisuais de entretenimento ou divulgativos.
2. Experiencia en procesos de adquisición, contratación ou desenvolvemento de contidos, dereitos audiovisuais e colaboración con canles, produtoras ou plataformas no deseño de programacións ou catálogos.
3. Manexo de contornas específicas dentro do campo da información deportiva e/ou cultural.

4. Manexo de ferramentas e procedementos asociados á xestión de contidos e dereitos audiovisuais (catálogos, fluxos de producción, control de calidade, arquivos).
5. Experiencia na coordinación de equipos multidisciplinares, no traballo transversal con diferentes áreas dun medio ou grupo audiovisual.
6. Formación en innovación narrativa, deseño de formatos, novas linguaxes ou modelos de consumo audiovisual en relación con públicos emerxentes e multiplataforma.
7. Formación regrada técnica específica ou especializada no ámbito da comunicación, realización ou das contornas multimedia. Poderá avaliarse outra formación non regrada se garda relación coas funcións do posto.
8. Formación en materia de igualdade.

Avaliación da entrevista persoal: Valorarase a exposición polo/a candidato/a da memoria proxecto presentada, a capacidade analítica, o criterio editorial, a capacidade estratéxica e o liderado.

Réxime retributivo: Nivel 4.

Posto convocado: Xefatura de Servizo de Identidade Visual Corporativa e Realización (Área Soporte Tecnolóxico e Medios CSAG).

A ÁREA de Soporte Tecnolóxico e Medios ten como función xenérica secundar e dar apoio á Dirección Xeral no ámbito específico do soporte tecnolóxico ás actividades da Corporación e, así, da xestión das infraestruturas, instalacións, dispositivos e sistemas, técnicos e tecnolóxicos, e das operacións para o procesamento, emisión e recepción de sinais; dos recursos e procesos técnicos de producción propia directa de contidos de continuidade, culturais e de entretemento, e de realización, para os distintos medios, canles e plataformas titularidade da Corporación e, dese xeito, para os distintos espazos e programas desenvoltos por estes, así como do desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información precisos a eses efectos e mais para a xestión e comunicación interna corporativa.

Funcións principais do posto convocado:

A Xefatura do Servizo de Identidade Visual Corporativa e Realización ten como misión deseñar, desenvolver e garantir a coherencia e a evolución estratégica da identidade gráfica e visual da Corporación, nos distintos espazos e programas difundidos a través dos seus medios, canles e plataformas, incluíndo televisión, radio, rede, redes sociais, sinalizacións, promocións e calquera outro soporte de expresión visual institucional.

As funcións propias do posto son as establecidas na Resolución da Dirección Xeral da CSAG, de data 21 de xullo do 2025, pola que se establece a súa estrutura directiva publicada na web corporativa.

Requisitos:

Titulación académica: Grao en Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas, Deseño Gráfico ou equivalentes.

Experiencia acreditada: en tarefas de realización audiovisual e traballo en contornas multiplataforma.

Méritos a valorar:

1. Participación en procesos de realización e identidade visual en contornas televisivas, tanto en emisións en directo como en producións gravadas, e/ou proxectos audiovisuais desenvolvidos para distintos soportes e formatos. Valorarase de xeito específico a coherencia visual con especial atención á integración da identidade corporativa.
2. Experiencia no uso de sistemas de automatización, edición e coordinación técnica en ámbitos profesionais audiovisuais.

3. Coñecemento e experiencia en procesos de innovación tecnolóxica aplicados á realización e á integración de solucións técnicas avanzadas, e o uso habitual de ferramentas dixitais de edición, producción e deseño gráfico.
4. Experiencia na coordinación de equipos multidisciplinares, no traballo transversal con diferentes áreas dun medio ou grupo audiovisual.
5. Formación regrada técnica específica ou especializada no ámbito da comunicación, realización e das contornas multimedia. Poderá avaliarse outra formación non regrada se garda relación coas funcións do posto.
6. Formación en materia de igualdade.

Avaliación da entrevista persoal: Valorarase a exposición polo/a candidato/a da memoria proxecto presentada, a creatividade, a visión estética, a capacidade estratéxica e o liderado.

Réxime retributivo: Nivel 5.

Posto convocado: **Xefatura do Servizo de Produción de Informativos** (Área Información e Documentación CSAG).

A Área de Información e Documentación ten como función xenérica secundar e dar soporte á Dirección Xeral no ámbito específico da captación, producción, xestión e difusión, no marco dun modelo operativo de redacción única multimedia integrada e mediante o conxunto de medios, canles e plataformas de titularidade da Corporación, de contidos informativos, que é central na prestación do servizo público, así como no do depósito dinámico, para a súa preservación e eventual uso -conforme aos dereitos de propiedade intelectual que en cada caso sexan de aplicación-, a través dun sistema de xestión integral, dos documentos e contidos de toda orixe e índole cuxa disposición cumpra a aquela.

Funcións principais do posto convocado:

Con dependencia directa da Dirección e Subdirección do Departamento de Xestión dos Servizos Informativos, a Xefatura do Servizo de Produción de Informativos asume as funcións propias do posto establecidas na Resolución da Dirección Xeral da CSAG, de data 21 de xullo do 2025, pola que se establece a súa estrutura directiva, publicada na web corporativa.

Requisitos:

Titulación académica: Grao en Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade e Relacións Públicas ou equivalentes.

Experiencia profesional acreditada: Na xestión operativa de producción de contidos informativos ou audiovisuais.

Méritos a valorar:

1. Experiencia na coordinación de procesos de producción informativa ou audiovisual en contornos profesionais complexos, multimedia ou de alta intensidade operativa.
2. Participación en proxectos de reorganización produtiva, innovación tecnolóxica ou implantación de novos sistemas de traballo en contornos audiovisuais.
3. Coñecemento avanzado de ferramentas tecnolóxicas e sistemas de producción informativa e audiovisual, incluíndo software de planificación, control, automatización ou mantemento.
4. Experiencia na coordinación de equipos multidisciplinares, no traballo transversal con diferentes áreas dun medio ou grupo audiovisual.
5. Formación ou experiencia en innovación tecnolóxica aplicada ao sector: automatización de procesos, integración de plataformas, intelixencia artificial, análise de datos, etc.

6. Formación regrada técnica específica ou especializada no ámbito da comunicación, realización e das contornas multimedia. Poderá avaliarse outra formación non regrada se garda relación coas funcións do posto
7. Formación en materia de igualdade.

Avaliación da entrevista persoal: Valorarase a exposición polo/a candidato/a da memoria proxecto presentada, a orientación á eficiencia, a adaptación ao cambio, a capacidade estratéxica e o liderado.

Réxime retributivo: Nivel 5.

Posto convocado: **Xefatura de Servizo de Redacción Multimedia** (Área Información e Documentación CSAG).

A Área de Información e Documentación ten como función xenérica secundar e dar soporte á Dirección Xeral no ámbito específico da captación, producción, xestión e difusión, no marco dun modelo operativo de redacción única multimedia integrada e mediante o conxunto de medios, canles e plataformas de titularidade da Corporación, de contidos informativos, que é central na prestación do servizo público, así como no do depósito dinámico, para a súa preservación e eventual uso -conforme aos dereitos de propiedade intelectual que en cada caso sexan de aplicación-, a través dun sistema de xestión integral, dos documentos e contidos de toda orixe e índole cuxa disposición cumpra a aquela.

Funcións principais do posto convocado:

Con dependencia directa da Dirección e Subdirección do Departamento de Xestión dos Servizos Informativos, a Xefatura de Servizo de Redacción Multimedia asume as funcións propias do posto que son as establecidas na Resolución da Dirección Xeral da CSAG, de data 21 de xullo do 2025, pola que se establece a súa estrutura directiva publicada na web corporativa.

Requisitos:

Titulación académica: Grao en Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade e Relacións Públicas ou equivalentes.

Experiencia profesional acreditada: en tarefas de elaboración, edición ou coordinación de contidos multimedia.

Méritos a valorar:

1. Participación en proxectos de planificación editorial, transformación dixital, deseño de estratexias de contidos ou desenvolvemento de proxectos para distintos soportes e públicos.
2. Coñecemento do sector da comunicación dende un punto de vista multidisciplinar en distintas plataformas e nos distintos ámbitos de actuación público e privado.
3. Experiencia na coordinación de equipos multidisciplinares, no traballo transversal con diferentes áreas dun medio ou grupo audiovisual.
4. Formación ou coñecemento en estratexias de difusión informativa, liderado editorial ou xornalismo dixital.
5. Formación ou experiencia en novas tecnoloxías aplicadas ao ámbito informativo: intelixencia artificial, análise de datos, automatización de contidos, posicionamento (SEO), etc.



6. Formación regrada técnica específica ou especializada no ámbito da comunicación, realización e das contornas multimedia. Poderá avaliarse outra formación non regrada se garda relación coas funcións do posto.
7. Formación en materia de igualdade.

Avaliación da entrevista persoal: Valorarase a exposición polo/a candidato/a da memoria proxecto presentada, capacidade de reacción nas tomas de decisión, criterio editorial, capacidade estratéxica e liderado.

Réxime retributivo: Nivel 5.



**Anexo II
SOLICITUDE**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A
SELECCIÓN DUN/DUNHA DIRECTIVO/A PROFESIONAL**

Posto convocado:

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Correo electrónico	
Teléfono	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

Curriculum vitae
Titulación
Certificado Celga ou equivalente
Plan-Memoria de actuación*
Outra documentación:

En _____ a _____

Asdo: _____

* O Plan-memoria de actuación terá unha extensión máxima de 3 páxinas, formato Din A4 e letra Times New Roman ou similar de 12 puntos.